

BANDO INFORMATIVO

SUSPENSIÓN DE PRAZOS TRIBUTARIOS E NON DEVENGO DAS TAXAS POLAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS SUSPENDIDAS.

Recibida notificación do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Excm. Deputación Provincial de Ourense, esta Alcaldía, ten a ben

INFORMAR

PRIMEIRO. Os **servizos de carácter administrativos continuarán a prestarse a tódolos cidadáns por medios telemáticos e mesmo telefónicos**. Os interesados poden tramitar as súas solicitudes na **Sede Electrónica da Deputación (sede.depourense.es)**. En caso de que os cidadáns carezan de medios para a realización on-line dos trámites administrativos, atenderáselles por **correo electrónico (recaudacion@depourense.es)** ou **telefonicamente (988 317 720)**, indicando o trámite que desexan realizar.

SEGUNDO. En relación ós procedementos de xestión tributaria e recadación en curso, a Deputación Provincial acordou a aplicación das seguintes regras, e que afectan á tramitación do **Imposto de Bens Inmóbles**, o **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**, o **Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras**, e mais o **Imposto sobre Actividades Económicas**, así como a **Taxa de Recollida do Lixo**:

- No caso dos **tributos emitidos en período voluntario de pagamento**, o **prazo de pagamento entenderase suspendido durante o período que dure o estado de alarma**, sen prexuízo de que os contribuíntes poidan seguir realizando pagos durante dito período.
- Durante a vixencia do estado de alarma **non se iniciará o período de pagamento voluntario de ningún tributo**.
- Durante a vixencia do estado de alarma, quedarán **suspendidos os procedementos de recadación en vía executiva**, e non se procederá á iniciación de novos procedementos deste tipo.

TERCEIRO. No tocante ás taxas recadadas polos Servizos Municipais, respecto de actividades suspendidas debido ó estado de alarma, en concreto, a **Taxa de Escolas Deportivas** e a **Taxa de Escolas Musicais**, o Concello xirará **unicamente o importe correspondente ó período comprendido entre os días 1 e 13 de marzo de 2020**.

CUARTO. No tocante á **Taxa da Auga**, cuxa recadación leva a cabo a empresa concesionaria VIAQUA, lémbrese que dende o pasado 23 de marzo, dita empresa adoptou as seguintes medidas:

- Non se realizará a lectura dos contadores**, procedéndose á estimación dos consumos ata poder obter a lectura real e normalizándose os mesmos por exceso ou defecto nas seguintes facturacións.
- Amplíase o pago das facturas cunha mora de 30 días** no período voluntario.
- Durante a vixencia do estado de alarma, **non se realizarán interrupcións no subministro por falta de pagamento**, en ningún caso.

O que se fai público para o xeral coñecemento en

Viana do Bolo a 2 de abril do 2020.
O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo.

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.

